

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, por el que se establece la estrutura orgánica desta consellería. As competencias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, son, entre outras:

-A conservación, protección, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

-A divulgación dos valores do patrimonio natural.

-A xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da gea da Comunidade Autónoma de Galicia.

-O desenrolo e dinamización do uso público e recreativo do medio natural.

-A promoción e defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.

-A avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

Antecedentes:

Na nova ordenación do ensino universitario derivado da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES)ponse un especial énfase na realización por parte dos estudantes universitarios de prácticas externas en entidades públicas ou privadas de ámbito nacional ou internacional, dende a conciencia de que a combinación dunha idónea formación teórica universitaria co coñecemento aplicado

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
www.xunta.gal



das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no mercado profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, promove a incorporación de estudantes en prácticas no ámbito das administracións públicas e no das empresas privadas, impulsando a empregabilidade dos futuros profesionais, fomentando a súa capacidade de emprendemento, creatividade e innovación e dando resposta ao compromiso coa transformación económica baseada na sociedade do coñecemento.

O artigo 1 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valoración e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar un convenio que ten por obxecto permitir aos estudantes da Universidade da Coruña (UDC) realizar prácticas académicas curriculares e extracurriculares sexan presenciais ou telemáticas en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, adscritas ao cumprimento das funcións e competencias en materia científico-ambiental e en materia de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, así como en avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental para o logro da axeitada protección ambiental.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comprométese a fixar en colaboración coa UDC, o proxecto formativo que efectuará cada estudante.

O Convenio perfeccionarase coa sinatura das partes e a súa duración será de catro anos, podendo prorrogarse en calquera momento antes da finalización por acordo unánime dos asinantes por un novo período de ata catro anos.



O convenio ten natureza administrativa e réxese polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo tanto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as accións de referencia, quedando o dito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que as Directivas 2014/23 / UE e 2014/24 / UE de 26 de febreiro de 2014 se traspoñen á lexislación española.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriban en un plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común nas competencias que lle sexan propias, e considerando os principios de mutua información, cooperación e colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, atendendo a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, este acordo está xustificado. Todo o que se indica para os efectos do disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular a finalidade deste convenio nen a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nen a UDC achegarán cantidade algunha dos seus orzamentos , polo que non se precisa memoria económica.

Asinado dixitalmente

A secretaria xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Carmen Bouso Montero

